

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de decembro de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezasete horas e cinco do día trinta de decembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por substitución do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e a interventora Sra. Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1704).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A ADECUACIÓN DOS LOCAIS DO EDIFICIO “VIEIRA” PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO ANTENA DE SAIÁNS. EXPTE. 483/321.**

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 22.11.04 aprobou o expediente de contratación das obras do Proxecto de instalación dunha plataforma elevadora vertical e 10 postos de ordenador para o centro sociocultural na antiga Casa Vieira en Saiáns.

Con data 10.12.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, para a presentación e proposicións, presentouse unha única oferta a nome de Construcciones Cardeñoso S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de 20.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a oferta e pasándoa ao Servizo de Atención Cidadá para informe e proposta ao órgano de contratación.

Con data 21.12.04 o xefe do Servizo de Atención Cidadá emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Adxudicar á empresa Contruccionen Cardeñoso S.L. a adecuación dos locais do edificio “Vieira” para a posta en funcionamento dun Centro Antena en Saiáns, polo importe total de 41.443,77 €, conforme a oferta presentada, por cumprir cos requisitos especificados nos pregos de condicións.

#### **2(1705).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES COA UNIDADE DE DROGODEPENDENCIAS CEDRO. EXPTE. 11226/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable de Intervención Xeral, de 28.12.04, e de acordo do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 23.12.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o convenio de colaboración coa Cruz Roja Española para o desenvolvemento de actividades na Unidade de atención a drogodependentes “CEDRO, cunha vixencia desde o 01.01.05 ata o 31.03.05, cunha achega de 98.529 € con cargo á Partida 4123.227.06.01.

#### *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A CRUZ ROJA ESPAÑOLA*

*En Vigo, a        de        de*

#### REUNIDOS:

*Dunha parte:*

*A Excm. Sra. D<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.*

*Doutra:*

*D. José Luís Delgado San Miguel, Presidente do Comité Comarcal de Cruz Roja Española en Vigo, en virtude de nomeamento de data 31/07/03 do Comité Provincial e en representación da mesma.*

*Os dous de mutuo acordo:*

*EXPOÑEN*

#### Primeiro:

*Que o Concello de Vigo ten subscrito un convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade e Servicios sociais para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas.*

Segundo:

*Que os servizos sanitario-asistenciais préstanse por medio da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, sita na rúa Pintor Colmeiro 9, autorizada por Resolución da Consellería de Sanidade de data 27-12-93, en cumprimento do establecido na Orde de 7 de xullo de 1988 (D.O.G., nº 195), de 10 de outubro.*

Terceiro:

*Que o Real Decreto 415/96, de 1 de marzo, polo que se establece as normas de ordenación de Cruz Roja Española, sinala entre os seus obxectivos e fins a promoción e colaboración en accións de solidariedade e benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, fomentando e participando en programas de saúde.*

*Que o mesmo Real Decreto configura á Cruz Roja Española como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsados polas mesmas, gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas.*

Cuarto:

*Que é intención do Excmo. Concello de Vigo e de Cruz Roja Española -Asemblea Local- o seguir na liña de colaboración que ven observando en distintos ámbitos da sociedade, preferentemente no social e sanitario, para o que se pretende vincular á Institución nas tarefas do dispositivo sanitario-asistencial que ten autorizado o Excmo. Concello.*

*Por todo isto ambas dúas partes de común acordo establecen un convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

*O Concello de Vigo e Cruz Roja Española establecen un convenio de colaboración que ten como obxectivo a intervención cos usuarios da Unidade Asistencial de Drogodependientes (CEDRO).*

*O convenio establécese para o apoio ós programas asistenciais que realiza a referida Unidade e contidos no catálogo de programas do Plan Autonómico de Drogodependencias da Xunta de Galicia e homologados e aprobados polo mesmo, a saber:*

- Programa de orientación e Acolida. P. O. A.*
- Programa Libre de Drogas. P. L. D.*
- Programa de Mantemento con Antagonistas Opiáceos P.M.N.*
- Programa de Mantemento con Agonistas Opiáceos. P.M.M.*
- Subprograma de Desintoxicación. S.D.*
- Subprograma de Prevención de Recaídas. S.P.R.*
- Subprograma de Diminución do Dano. S.D.D.*
- Subprograma de Asistencia Domiciliaria. S.A.D.*

- Subprograma de Urinoanálises. S.U.

Ademais prestarase apoio nas actividades de animación sociocultural dentro do Programa de Unidade de Día deste servizo.

#### SEGUNDA.-

O apoio ós programas asistenciais descritos anteriormente, consistirá por unha parte no diagnóstico e tratamento médico e psicolóxico dalgúns dos usuarios destes programas e por outra na dosificación e dispensación de fármacos cando así o prescriban os facultativos do servizo en cumprimento do establecido no Real Decreto 75/90, de 19 de xaneiro, que regula os tratamentos con opiáceos de persoas dependentes dos mesmos modificado polo 1131/90, do 14 de setembro, e a Orde do 25 de abril de 1994 e o Real Decreto 5/96, do 15 de xaneiro que novamente modifica o 75/90, e a Orde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia de 15 de maio de 1990, así como a realización das probas de urino-análise para a detección das diferentes substancias tóxicas, para todo o que a Unidade está facultada pola autorización correspondente que establece a Orde de 7 de xullo de 1988 da mesma Consellería.

Este servizo de apoio realizarase de luns a venres, cunha duración de 12 horas diarias.

Aqueles usuarios, nun máximo de 150, que carezan do apoio familiar responsable para tomar a cargo a dispensación de opiáceos ou outros fármacos os sábados, domingos, festivos ou días inhábiles serán atendidos por un dispositivo que establecerá Cruz Roja. Este dispositivo constará dun vehículo de Cruz Roja conducido por un voluntario da Institución e dun Auxiliar de Clínica, realizándose esta distribución baixo as directrices técnicas da Dirección de CEDRO, garantindo o Concello a seguridade do persoal durante o tempo que dure a distribución coa presenza da Policía Local.

#### TERCEIRA.-

O apoio e colaboración ás actividades de animación sociocultural, terá como obxectivos a realización de actividades de ocupación de tempo libre que potencien as relacións dos usuarios coa comunidade e en facilitar orientación e formación que favoreza a súa integración na sociedade. Estas tarefas realizaranse de luns a venres cunha duración de 50 horas semanais.

#### CUARTA.-

Cruz Roja Española, pola súa banda, porá ó dispor dos mencionados programas o seguinte persoal e horario

Programas asistenciais; POA, PLD, PMN, PMM, SD, SPR, SDD, SAD, e SU:

- \* 1 Coordinador do Programa-Psicólogo a (40 horas semanais).
- \* 1 Psicólogo (40 horas semanais).
- \* 1 Médico ( 40 horas semanais)
- \* 1 Farmacéutico (40 horas semanais)
- \* 1 Médico. (40 horas semanais, en turno de tarde)
- \* 1 Asistente Social (40 horas semanais )
- \* 7 Auxiliares de clínica (40 horas semanais cada un, no quenda que proceda).
- \* 1 Axudante (40 horas semanais, en quenda de mañá).

Programa da Unidade de Día ou de intervención sociocultural:

- \* 1 Animador Sociocultural ou Monitor de Tempo Libre (40 horas semanais).

*\* 1 Monitor Ocupacional. (40 horas semanais)*

*Este persoal realizará as funcións propias da súa titulación de acordo cos programas de intervención e no quenda que se estableza pola Dirección da Unidade Asistencial de Drogodependentes. Cruz Roja dedicará a cantidade de 300,00 € para asistencia a cursos de formación que decidirán ambas dúas partes.*

*O persoal relacionado disfrutará o seu período de vacacións, producíndose a súa substitución automática nos casos dos dous Médicos, a traballadora social, 4 auxiliares e 1 axudante. Para os mesmos postos cubriranse as baixas por enfermidade ou accidente.*

*Por outra banda, Cruz Roja Española coa intervención do seu voluntariado desenvolverá, de acordo coa Dirección do Centro, proxectos de educación para a saúde e outros que se consideren oportunos.*

QUINTA.-

*Ámbalas dúas partes deixan constancia que no intre que se coide necesario dentro da duración do presente convenio, poderase ampliar de mutuo acordo os programas, o número de persoas ou as horas de prestación do servicio, modificando, no custo que corresponda, as condicións económicas do presente convenio.*

SEXTA.-

*En ningún caso esta colaboración de apoio a programas que se realice suporá relación laboral algunha co Excmo. Concello de Vigo, estando obrigada Cruz Roja Española ó cumprimento de tódalas disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como á cobertura correspondente á responsabilidade civil do seu persoal.*

SÉTIMA.-

*O persoal de Cruz Roja Española dependerá do coordinador da propia Institución na Unidade, que funcionará de acordo coas directrices técnicas que sinale a Dirección da mesma.*

OITAVA.-

*Antes do 30 de abril de 2004 a Dirección da Unidade e o Coordinador de Cruz Roja confeccionarán unha memoria completa das actividades realizadas en cada un dos programas de intervención, memoria que coñecerá en primeiro lugar a Comisión Mixta a que se fará referencia posteriormente.*

NOVENA.-

*O Concello de Vigo subministrarlle tódolos instrumentos e materiais necesarios para desenvolve-los programas.*

DÉCIMA.-

*O presente convenio de colaboración terá unha duración de tres meses, entrando en vigor o 01/01/05, polo que finará o 31/03/05.*

UNDÉCIMA.-

Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo abonaralle á Cruz Roja Española a cantidade de 98.529 €, a razón de 32.843 € mensuais, con cargo á Partida correspondente do Programa 4123. –CEDRO–.

O pago realizarase previa presentación de nota de cargo por parte de Cruz Roja que deberá conforma-la Dirección do Centro ou o Xefe do Sector de Acción Social, certificando que o servizo foi prestado de acordo co establecido no presente convenio.

#### DUODÉCIMA.-

Establécese como mecanismo de coordinación e asistencia técnica un primeiro chanzo que formarán o Director da Unidade e o responsable que designará Cruz Roja, que serán os encargados de coordina-la actuación do apoio ós diferentes programas sinalados na Cláusula Primeira.

Así mesmo, e para resolve-las controversias, dúbidas ou interpretacións que a aplicación do presente convenio presente, establécese unha Comisión Mixta que, presidida polo/a Concelleiro/a Delegado/a responsable da Unidade, formarán dous representantes de cada unha das partes que designen ó efecto.

#### DECIMOTERCEIRA.-

Será causa de rescisión deste acordo o incumprimento das cláusulas do mesmo, previo informe inescusable da Comisión Mixta creada na cláusula anterior.

En proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data citados.

### **3(1706).-DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE OUTUBRO E NOVIEMBRE 2004.**

Cumprindo coa base 31ª das Bases de execución do presuposto municipal en vigor, dáse conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar social nos meses de outubro e novembro de 2004, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
13/10/04	SERVICIO DE AUTOCARES	2260100	200400048013	5.649,60	AUTNA, S.L.
13/10/04	CELEBRACIÓN DÍA DO MAIOR	2260100	200400048017	1.044,00	M. JESUS
13/10/04	CATERING DÍA DO MAIOR	2260100	200400048020	12.003,23	DOLORES FERNANDEZ ALONSO
14/10/04	ALUGUER INSTALACIÓNS IFEVI DÍA DO MAIOR	2260100	200400048046	11.950,04	IFEVI
14/10/04	SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL DÍA DO MAIOR	2260100	200400048316	329,74	HELENES 2K

15/10/04	SERVICIO ILUMINACION DÍA DO MAIOR	2260100	200400048581	812,00	EMSAC, S.L.
DATA	CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
08/11/04	ALMORZO ACTIVIDADES MAIORES	2260804	200400053421	1.320,00	VIARIOS
11/11/04	TALLER DE TEATRO	2260804	200400054124	7.800,00	AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.
15/10/04	AMPLIACION PROGRAMA DE FAMILIA E INFANCIA	2270600	200400048560	2.500,00	VIARIOS
26/10/04	ACTIVIDADES PLAN DE DROGAS	2270608	20400051336	5.600,00	Mª JOSE FONTAN PEREZ-RIAL

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

**4(1707).- CONTRATACIÓN DE PERSOAL CONVENIO DE COLABORACIÓN CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN-CONCELLO DE VIGO. OFICINA DE ATENCIÓN A INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 29.12.04 e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 22.12.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Contratar dende o 10.01.05 ata o 31.12.05, período de vixencia do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración e o Concello de Vigo para a oficiña de información a los inmigrantes y emigrantes retornados as seguintes persoas:

Licenciado en Dereito: D. José Antonio Montenegros Iglesias  
 Diplomada en Traballo Social: DªMª Jesús Lago Vilaboa  
 Auxiliar Administrativa: Dª Nuria González González

O tipo de contrato será por obra o servizo, e o gasto, incluída a Seguridade Social imputado á partida correspondente, dacordo coas características que figuran no expediente. Ó tratarse dun expediente anticipado de gasto, a xeración de crédito no estado de gastos do Presuposto para facer fronte ás obrigacións contractuais que se deriven do devandito convenio, instrumentarase una xeración de crédito

con data 3 de xaneiro de 2005 (luns), cuxa financiación substanciárase no acordo da Consellería de Emigración que financia a totalidade do gasto (setenta e sete mil quinientos euros).

Pola Unidade de Persoal formalizaráanse os contratos correspondentes, alta en Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

2º.- Aprobar as listas xeradas do proceso de selección de persoal, para cubrir as posibles baixas ou aumento de persoal que se produza durante a vixencia do citado convenio de atención específica a inmigrantes e emigrantes retornados que queda establecida de acordo co orde seguinte:

- Para a praza de licenciado/a en Dereito:
  - D<sup>a</sup> Paula Piñeiro Portela
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen López Duarte
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Patricia Ramilo Cabral
  - D<sup>a</sup> Amaya López Núñez
  - D<sup>a</sup> Silvia Iglesias Freire
  
- Para a praza de diplomado/a en Traballo Social:
  - D<sup>a</sup> Silvia Rodríguez Fontán
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Rosario Romero Baamondez
  - D<sup>a</sup> Nerea Couso Iglesias
  
- Para a praza de auxiliar administrativo/a:
  - Patricia Osuna Fernández
  - Margarita Rodas Gonzalez
  - Susana Pose Porto

**5(1708).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS HÍPICOS HIPIGAL, S.L. PARA A ORGANIZACIÓN DA COPA DO MUNDO DE SALTO DA FEDERACIÓN ECUESTRE INTERNACIONAL-EDICIÓN 2005 DO 11 Ó 13 DE FEBREIRO DE 2005. EXPTE. 5085/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.12.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local –Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Servicios Hípicos Hipigal, SL a organizar e desenvolver o evento deportivo –Copa do Mundo de Salto da Federación Ecuestre Internacional- edición 2005, os días 11 ó 13 de febreiro de 2005.

**6(1709).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E MOBILIARIO PARA OS CENTROS ANTENA DE SAIÁNS E CANDEÁN.**

### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión de 29.11.04 aprobou o expediente de contratación, mediante concurso, da subministración e instalación de equipos informáticos e mobiliario para os centros de antena de Saiáns e Candeán.

O titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica, con data 27.12.04, que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 237 e no BOP nº 236 de datas 7 e 9 de decembro respectivamente do presente ano, para a presentación de proposicións, presentáronse as seguintes: 1) Sirvent S.L., 2) El Corte Inglés S.A., 3) Ofita S.A. M-M, 4) Paz Dismac S.L., 5) Dell Computer S.A., 6) Planitec S.L., 7) Ekipo, Sociedad Cooperativa Galega, 8) Equipamentos e Servicios a Oficina S.L. (Axial III) e 9) Equipos Electrónicos de Redondela S.L.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasando as ofertas a informe do servizo de Atención Cidadá, que foi emitido polo xefe de dito servizo, con data 29.12.04, propoñendo a adxudicación do lote I á empresa Equipos Electrónicos Redondela S.L.L. e do lote II á empresa Planitec S.L.

En sesión do 30.12.04 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Constan no expediente documentos de Intervención que acreditan a disposición do gasto que se vai realizar.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar á empresa Equipos Electrónicos Redondela S.L.L. o Lote I do obxecto do contrato-equipos informáticos, conforme ás características técnicas recollidas nas cláusulas do prego que rexeu a contratación e a oferta presentada, por un prezo de 101.800,00 €.

Adxudicar a Planitec S.L. o lote II do obxecto do contrato-mobiliario, segundo o recollido no prego de condicións e a proposta presentada, por un prezo de 28.916,00 €.

## **7(1710).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA EDICIÓN DA GUÍA DE SERVIZOS DEPORTIVOS. Expte. 564/321.**

### Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión de 13.12.04 aprobou o expediente de contratación da edición dunha guía de Servizos deportivos do Concello de Vigo.

O titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica, con data 27.12.04, que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio presentáronse ofertas a nome de 1) Alberto Rodríguez Vázquez e 2) Anónimo Publicidad S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada, pasando as ofertas a informe do servizo de Atención Cidadá, que foi emitido polo xefe de dito servizo, con data 29.12.04, proponendo a adxudicación á empresa Anónimo Publicidad S.L.

En sesión do 30.12.04 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Constan no expediente documentos de Intervención que acreditan a disposición do gasto que se vai realizar.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a empresa Anónimo Publicidade S.L. a edición da Guía de Servizos deportivos do Concello de Vigo, conforme ás condicións que rexeron a negociación e a oferta presentada, por un prezo contractual de 15.933,03 €.

#### **8(1711).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO E NOVEMBRO DE 2004. EXPTE. 15478/220.**

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe do técnico de Intervención de data 28-12-2004 conformado pola interventora do Concello e de acordo coa proposta do xefe da Área de Réxime Interior de data 27-12-2004 que contén o visto e praxe da Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de XULLO e NOVEMBRO DE 2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comencan por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 1.573 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total e 863'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comenza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 1.968'00 horas.

- Parque Móbil, relación que se achega e que comenza por don Amador Alvarez Bernardez e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 932 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan e que comezan por don Francisco Martínez Muñoz e rematan por don José Angel Fernández Alonso, por un total de 93'80 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega de don José Froján Villaverde, por un total de 43'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por don José Vázquez de Francisco, por un total de 831'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comenza por don José Barciela Cea e remata por don Benito Barciela Simón, por un total de 255'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comenza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 97'30 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comenza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 317'00 horas.
- Medio Ambiente, relación que se achega e que comenza por dona M<sup>a</sup> Soledad García Riveiro e remata por don Gabriel Martínez Giraldez, por un total de 51'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 50.200'49 € ( CINCOENTA MIL DOUSCENTOS EUROS CON COARENTA E NOVE CÉNTIMOS).

#### **9(1712).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A JUSTO ROMÁN, S.L. EXPTE. 43190/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.12.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*Con documento número 40055374 e data de entrada no Rexistro Xeral de 28 de maio de 2004, solicitóuse permiso de ocupación da vía pública, para carga e descarga cun camión de ata 18 TM. na r/Ballesta, 3 e Gamboa, 12, motivada pola licencia de obra num. Expdte. 38122/421, reforma e ampliación edificio. Na mesma data e con oficio da Policía Local, número de expediente 16732/2004, onde nos solicitan informe coas condicións para outorgamento da autorización, previa a concesión de permisos para circular e efectuar a carga e descarga. No informe do Servicio de Vías e Obras de data 31 de maio de 2004, indícase que o peso máximo non superará as 18 TM. o itinerario será o que fixe a Policía Local e a consititución dunha fianza de (20.000 € vinte mil euros), polos danos que se poidan ocasionar o patrimonio municipal.*

*Solicitada a devolución da fianza, constituída con número de operación 200400027615 de data 09/06/2004 e por importe de (20.000 €, vinte mil euros), con documento de entrada no Rexistro Xeral con núm, 40124046 de data 07 de decembro de 2004.*

*No informe de inspección de data 21 de decembro de 2004, indícase que na visita feita comprobouse que a vía pública non sufríu danos e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

Polo que se PROPON:

*Proceder á devolución da fianza de (20.000 € – vinte mil euros), a favor de D. JUSTO ROMAN, S.L. B36649473, depositada na Tesourería municipal.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1713).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN MES DE DECEMBRO.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Intervención Xeral, do 28.12.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de decembro:

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
1216	Patrimonio E Contratación	86,70
1218	Parque Central	243,27
2220	Seguridade	751,06
3130	Benestar Social	318,48
3220	Desenvolvemento Local e Emprego	56,49
4220	Educación	590,24
4324	Electromecánicos	253,81
4326	Parques e xardíns	142,46
4430	Cemiterios	141,61
4513	Museo Quiñones de León	49,30
4633	Normalización Lingüística	96,90
5110	Vías e Obras	2054,62
TOTAL		4784,94

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**11(1714).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO Á UNIDADE ASISTENCIAL A DROGODEPENDENTES CEDRO. EXPTE. 10946/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión do 23.11.04 aprobou a contratación, mediante concurso, da prestación dos servizos de apoio á Unidade Asistencial a drogodependentes (CEDRO).

Con data 27.12.04 o secretario xeral do pleno certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 236 e no BOP nº 235 de datas 3 e 7 de decembro respectivamente do presente ano, non se presentou ningunha oferta para a devandita contratación.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.12.04 formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Declarar deserto o concurso para a contratación da prestación dos servizos de apoio á Unidade Asistencial a drogodependentes (CEDRO).

**12(1715).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA OA PÚBLICO DOS PRODUCTOS DE MERCHANDISING DA MOSTRA “BOUZAS-VIGO. CEN ANOS DA UNIÓN”. EXPTE. 1363/337.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 20.12.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Poñer á venda os seguintes produtos de merchandising da mostra “BOUZAS-VIGO. CEN ANOS DE UNIÓN”, conforme ós prezos e reservas de distribución gratuita para necesidades protocolarias do Concello que se indican:

Producto	Prezo	N ex a venda	N ex para protocolo
Desplegable	1 euro	800	200
Paraugas	3.25 euros	35	15

Gorras	0 euros	0	100
Camisetas	3 euros	75	50
Bolígrafos	0 euros	0	500
Calendarios	0 euros	0	800

**13(1716).- DESESTIMENTO DO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4292/2003 INTERPOSTO ANTE O TSXG CONTRA SENTENZA DE 8.04.03 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO SOBRE ACTIVIDADE FUNERARIA.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Seguidamente dáse conta da proposta emitida polo primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. Figueroa Vila, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

*Tense presentado no servizo de cemiterios (Bienestar Social), documentación acreditativa e, a xuízo dese departamento e da Asesoría Xurídica deste Concello, suficiente para acredita-la desvinculación da actividade funeraria da de seguros por parte do solicitante de licenza de actividade funeraria sen establecemento, Pompas Fúnebres del Miñor e de dispoñer dos servizos de tanatorio para a realización das prestacións básicas, débese considerar como xustificada á rehabilitación da licenza de actividade funeraria denegada no seu día a D. Vicente González González, no nome de Pompas Fúnebres del Miñor, tras salvar este os impedimentos legais que no seu momento se observaron.*

*Por todo iso, estando pendente de resolución ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, un recurso de apelación interposto por este Concello e outro (que desistiu da súa continuación), contra a Sentenza de 8 de Abril de 2003, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, pola que estimaba o recurso do solicitante, é polo que, estimando neste intre que un desestimento deste Concello non é senón resultado da aplicación da normativa municipal en materia funeraria, que incluso mellora a situación xurídica creada despois da sentenza do Xulgado do Contencioso de Vigo, acordo ordear á Asesoría Xurídica deste Concello, que, con cumprimento dos requisitos esixidos polas leis e normativa de aplicación, desista do Recurso de Apelación nº 4292/2003, pendente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

Acordo

A Xunta de Goberno de conformidade coa precedente proposta acorda:

Ordear á Asesoría Xurídica deste Concello, que, con cumprimento dos requisitos esixidos polas leis e normativa de aplicación, desista do recurso de apelación nº 4292/2003, pendente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**14(1717).- SUBVENCIÓN A CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE SUBVENCIÓN PARA AS VÍCTIMAS DO MAREMOTO DO SURESTE ASIÁTICO. EXPTE. 1788/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 29.12.04, conformado polo concelleiro-delegado de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder a Cruz Roja Española unha subvención por un importe de 4.097,24 € con cargo á partida 111.0.4890002 do orzamento vixente e isto con destino aos damnificados pola catástrofe natural acaecida no sureste asiático.

**15(1718).- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 41373/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

Con data 27.12.04 a Xunta de Goberno Local acordou declarar deserto o procedemento negociado para a subministración de materiais de construción para o servizo de Vías e Obras, así como proceder a unha nova convocatoria de procedemento de negociado.

Con data 10.12.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse unha única oferta a nome de Transportes Pablo Val S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 30.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada pasándoa ao servizo de Vías e Obras para o correspondente informe, que foi emitido con data 30.12.04, polo xefe Administrativo de Vías e Obras e conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras e pola interventora xeral, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Adxudicar a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. o subministro do material de construción nos termos establecidos nos pregos que serviron de base no procedemento de contratación e, en particular:

- A) Os prezos unitarios serán ós que figuran na lista anexa ó prego de prescripcóns técnicas. Ditos prezos haberán de incrementarse nun 16% en concepto de IVE. En calquera caso, se entenderán incluídos tódolos gastos de transporte e entrega no lugar que se indique polo Servizo de Vías e Obras dentro do término municipal de Vigo.

B) A contía máxima da subministración para a vixencia do contrato fíxase en 240.000 € da seguinte forma:

20.000€ na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2004

220.000€ na partida 511.0.210.00.00 do presuposto do ano 2005

**16(1719).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE MULLERES ACCEDO EN CONCEPTO DE AXUDA PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E SOCIAIS. EXPTE. 1742/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 17.12.04, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder á Asociación de Mulleres ACCEDO unha subvención por unha contía de 1.500 € en concepto de axuda para a organización de actividades educativas e sociais para o ano 2004, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) o no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

**17(1720).- LIQUIDACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO ALETHEIA PARA ORGANIZACIÓN DUNHA XORNADA DE FILOSOFÍA BAIXO O TÍTULO “FILOSOFÍA E RELIXIÓN: ENCONTROS NO CAMIÑO DE SANTIAGO”. EXPTE. 8665/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 28.12.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte

*A Xunta de Goberno Local con data 4 de outubro de 2004 acordou autorizar o gasto a favor da A.C. Grupo Altheia de 6.000€ (seis mil euros) con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros culturais”, en concepto de compensación pola organización das Xornadas de Filosofía e Relixión: Encontros no camiño de Santiago.*

*Con data 25 de outubro de 2004, D. Avelino Muleiro García, en nome e representación do Grupo Aletheia, solicita o pagamento do importe do convenio de patrocinio concedido ao Grupo Aletheia, correspondente á*

realización das XIV Xornadas de Filosofía, e achega a solicitude e memoria xustificada das actividades, facturas orixinais por importe de 6.000€ (seis mil euros) correspondente á organización de ditas Xornadas.

A documentación presentada polo Grupo Aletheia, xustifica o pagamento de 6.000€ (seis mil euros) importe correspondente ao pagamento do convenio de patrocinio concedido pola Xunta de Goberno Local na sesión do 4 de outubro de 2004.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a memoria-avaliación presentada polo Grupo Aletheia pola organización das xornadas de filosofía baixo o título “Filosofía e Relixión: Encontros no Camiño de Santiago”.

2º.- Autorizar o aboamento da cantidade de 6.000€ (seis mil euros) que supón a liquidación do Convenio suscrito entre a Concellería de Asuntos Sociais e o Grupo Aletheia, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 4 de outubro de 2004, con cargo á partida 4510.226.06.00 “Foros Culturais do vixente presuposto municipal prorrogado do ano 2003.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1721).- LIQUIDACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 8664/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 28.12.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno de data 23 de febreiro de 2004 acordou “Outorgar unha subvención de 36.000 Euros (trinta e seis mil euros) á Fundación Provigo e a súa Área con CIF: G36745396 para programación de actividades e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses durante o ano 2004, con cargo á partida 4510.489.00.00 (“Transferencia a entidades sen ánimo de lucro”) do vixente presuposto municipal”.(EXPTE. 8179/331)*

*O citado acordo establecía que a xustificación da subvención tería que realizarse de acordo coas seguintes condicións:*

*O Concello de Vigo aboará á Fundación Provigo e a súa Área o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular A FUNDACIÓN. O pagamento tramitarase durante o ano 2004 do seguinte xeito:*

- Ata un 25% durante o mes de maio
- Ata un 50% durante o mes de outubro
- Ata un 25% durante o mes de decembro, xunto coa liquidación do convenio

Para o trámite dos pagamentos da subvención A FUNDACIÓN deberá achegala seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, para cada unha das fraccións; un informe sobre o funcionamento e actividades realizadas polo INSTITUTO, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. Os pagamentos parciais e a liquidación deberán contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

Para a liquidación do último pagamento da subvención, ademais da documentación citada no parágrafo anterior presentárase unha memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes nas actividades
- Memoria de prensa.
- Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e importe.
- Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.

A memoria-avaliación e liquidación do programa subvencionado deberá contar coa aprobación da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Con data 17 de decembro de 2004 D. Ramón Díaz del Río J., director xerente en funcións da Fundación, solicita polo Rexistro Xeral liquidación da subvención concedida a Fundación Provigo e a súa Área para programa de actividades e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses para o ano 2004, e axunta coa solicitude a seguinte documentación xustificativa:

- Breve informe de actividades:
  - Datos sobre os participantes nas actividades
  - Memoria de prensa
- Factura orixinal por importe de 11.206 € de Obradoriro Gráfico, S.L.
- Relación definitiva de ingresos e gastos clasificada por actividade

A documentación presentada pola Fundación Provigo e a súa Área, xustifica o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno na sesión de febreiro de 2004. Polo que procede o aboamento de 9.000 € (nove mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno segundo o acordo do 23 de febreiro de 2004 a FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.:

G36745396 con cargo a partida 4510.489.00.00 do presuposto municipal de cultura para o ano 2004. AD 200400021440.

Por todo o exposto faise a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

*Primero: Aprobar a memoria-avaliación presentada por a FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G-36745396 xustificativa do pagamento da liquidación da subvención concedida.*

*Segundo: Autorizar o aboamento de 9.000 € (nove mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo de 23 de febreiro de 2004 a favor da FUNDACION PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF.: G36745396 con cargo a partida 4510.489.00.00 “Transferencia a entidades sen ánimo de lucro”, do presuposto municipal de cultura para o ano 2004. AD 200400021440.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1722).- LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á FUNDACIÓN LAXEIRO PARA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 8184/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 28.12.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Comisión de Goberno de data 23 de febreiro de 2004 acordou “Outorgar unha subvención de 60.000 Euros (sesenta mil euros) á Fundación Laxeiro con CIF: G36852358 para programación de actividades e funcionamento da Fundación durante o ano 2004, con cargo á partida 4510.489.00.01 (“Fundación Laxeiro”) do vixente presuposto municipal”.(EXPTE. 8184/331)*

*O citado acordo establecía que a xustificación da subvención tería que realizarse de acordo coas seguintes condicións:*

#### 1. Forma de pagamento.-

*O Concello de Vigo xestionará o pagamento á Fundación Laxeiro o importe da subvención outorgada polo Concello de Vigo, para as actividades e funcionamento do ano 2003 a través de transferencia bancaria do seguinte xeito:*

- a) unha primeira parte, ata un máximo do 50% do total da subvención, tralo outorgamento da subvención pola Comisión de Goberno*

- b) unha segunda parte, ata un máximo do 25% do total da subvención, durante o mes de outubro e
- c) unha terceira parte, polo resto da subvención concedida trala aprobación da memoria-avaliación pola Comisión de Goberno do Concello.

## 2. Documentación para tramitar os pagamentos.-

Para o trámite dos pagamentos da subvención a Fundación Laxeiro deberá achegala seguinte documentación:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención (presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo).
- b) Informe sobre as actividades realizadas e sobre o funcionamento da Fundación relativo a cada un dos períodos antes citados, acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento.

## 3. Liquidación da subvención.-

Para a liquidación do último pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación antes do 15 de novembro do 2004:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Laxeiro, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes a cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Relación definitiva de ingresos e gastos, clasificada por actividade ou grupo de actividades e por funcionamento; especificando: concepto, acreedor e gasto.
  - Detalle do balance económico das actividades e funcionamento. Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; vendas de publicacións, cotas de matrículas, etc. ingresos diversos, contías e procedencia.
- c) Dez (10) exemplares do material editado ou producido pola Fundación. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, este extremo.

As facturas aportadas pola Fundación deberán reunir os requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

A liquidación do pagamento da subvención está condicionado a aprobación de memoria anual por parte da Comisión de Goberno, despois dos informes técnicos necesarios.

Con data 21 de decembro de 2004 D. Carlos García Suarez y Otero, secretario Xeral de la Fundación Laxeiro solicita polo Rexistro Xeral liquidación da subvención concedida a Fundación Laxeiro para programa de actividades 2004, e achega adxunto a solicitude a seguinte documentación xustificativa:

- Relación de facturas recibidas ata o 1 de novembro de 2004
- Fotocopias das devanditas facturas
- Relación de facturas orixinais por importe de 15.015,25 €
- Fotocopias das mesmas
- Breve memoria explicativa das actividades levadas a cabo ata o 1 de novembro
- Dossier de prensa xerado polas actividades da Fundación Laxeiro ata o 1 de novembro
- Dez exemplares do material impreso editado pola Fundación Laxeiro ata a data

A documentación presentada pola Fundación Laxeiro xustifica o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno na sesión de febreiro de 2004. Polo que procede o aboamento de 15.000 € (quince mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo do 23 de febreiro de 2004 a FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G36852358 con cargo a partida 4510.489.00.01 do presuposto municipal de cultura para o ano 2004. AD 200400005969.

Por todo o exposto faise a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primero: Aprobar a memoria-avaliación presentada por a FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G-36852358 xustificativa do pagamento da liquidación da subvención concedida.

Segundo: Autorizar o aboamento de 15.000 € (quince mil euros) que supón o pagamento da liquidación da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo de 23 de febreiro de 2004 a favor da FUNDACION LAXEIRO, CIF.: G36852358 con cargo a partida 4510.489.00.01 “Fundación Laxeiro” do presuposto municipal de cultura para o ano 2004. AD 200400005969.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **20(1723).- LIBRAMENTO POR IMPORTE DE 12.000 EUROS A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE EN CUMPRIMENTO DE ACORDO DO PADROADO DA FUNDACIÓN.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a acta da reunión do Padroado da Fundación “Vigo en Deporte” do día 5.2.04, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Que se aperture con saldo 0 a partida: 4521.489.00.02 Fundación Vigo en Deporte VIDE con cargo á bolsa de vinculación.

2º.- Librar a favor da Fundación Vigo en Deporte VIDE co CIF: G-36894020 a cantidade de 12.000 € para dar cumprimento ao acordo do Padrodado da Fundación de 5 de febreiro de 2004, en concepto de aportación do Concello de Vigo, este cargo se imputará á partida 4521.489.00.02.

**21(1724).-        ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dezasete horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.